

**CONCELLO
DE VIGO**



**Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES

I.- En data 17/02/2025 ditouse resolución da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 17/02/2025 pola que se aproba a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas dos procesos selectivos derivados da execución das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2021, 2021, 2022 (1ª fase).

II.- No punto terceiro da referida resolución acordouse: substituír, en base aos fundamentos de este informe, aos membros do órgano de selección nomeados por acordo de Xunta de Goberno Local de data 27/12/2024 polos seguintes:

BOMBEIRO:

Vogalía primeira: Titular: Rubén Alonso Barcia, bombeiro do Concello de Vigo.

Vogalía terceira: Suplente: Pablo Senra Pérez, bombeiro do Concello de Vigo

CONDUTOR-BOMBEIRO

Vogalía segunda:

Titular: Adrián Diego Castiñeiras Buján, condutor-bombeiro do Concello de Vigo.
Suplente: Emilio Fernández Lodeiro, condutor- bombeiro do Concello de Vigo.

Vogalía terceira: Suplente: Luis Miguel Sánchez Salgueiro, condutor bombeiro do Concello de Vigo.

SARXENTO

Presidencia: Titular: Antonio Vivero Mijares, xefe da área de mobilidade, seguridade, tráfico e extinción de incendios.

Vogalía primeira: Suplente: José Antonio Villar Comesaña, sarxento xefe do parque de extinción de incendios do concello de Vigo.

III.- Constan presentados os seguintes documentos:

- Doc. nº 250037128 presentado por J. ÁLVAREZ MOREIRA, con DNI **1612***, no que presenta recusación contra A. Vivero Mijares.



**CONCELLO
DE VIGO**



**Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

- Doc. nº 250037536 presentado por R. ALONSO BARCIA, con DNI **1367***, no que solicita causa de abstención por amizade íntima.
- Doc. nº 250038068, presentado por A.D. CASTIÑEIRAS BUJAN, con DNI **0868***, no que presenta causa de abstención por parentesco.
- Doc. nº 250040646, presentado por E. FERNANDEZ LODEIRO, con DNI **1073***, no que presenta causa de abstención por amizade íntima.
- Doc. nº 250038755, presentado por L.M. SANCHEZ SALGUEIRO, con DNI **1520***, no que presenta causa de abstención por parentesco.

IV.- Deuse traslado da causa de recusación presentada por J. ÁLVAREZ MOREIRA, con DNI **1612***, contra A. Vivero Mijares aos efectos de cumprimentar o trámite contido no artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, co resultado que obra no expediente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Por resolución da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 17/02/2025 se aprobou a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas dos procesos selectivos derivados da execución das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2021, 2021, 2022 (1ª fase) na que se acorda, entre outros, substituír aos membros do órgano de selección nomeados por acordo de Xunta de Goberno Local de data 27/12/2024 polos que constan no punto segundo dos antecedentes de este informe.

En relación aos escritos presentados, referidos no punto terceiro dos antecedentes e segundo consta no informe técnico de data 24/02/2025 obrante no expediente:

- *Deuse traslado da causa de recusación presentada por J. ÁLVAREZ MOREIRA, con DNI **1612***, contra A. Vivero Mijares aos efectos de cumprimentar o trámite contido no artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público: en relación a mesma o Sr. Vivero presenta escrito no que conclúe que: “É notorio, pois, que nin prestei declaración en xuízo como testigo contra o recusante, nin de ningún outro xeito concorre en min circunstancia algunha que condicione a miña participación no proceso selectivo de referencia.”*

Proponse a desestimación da causa alegada polas razóns que se expoñen a continuación.

- *Os motivos de abstención e recusación non poden ser utilizados para deseñar un órgano de selección á carta. Indicar que o Sr. Álvarez Moreira xa tivo presentado recusación contra o anteriormente nomeado presidente do órgano de selección de Sarxento de extinción de Incendios (Sr. Domínguez López, xefe do Servizo de Extinción de Incendios) por acordo de Xunta de Goberno Local de data 27/12/2024 (lista provisional de persoas admitidas, composición dos órganos de selección, lugares e datas das primeiras probas. 1ª fase OEP 2020, 2021, 2022).*

O mesmo foi substituído polo Sr. Vivero Mijares, por resolución da concellería competente de data 17/02/2025 (aprobación da lista definitiva de persoas admitidas e excluídas dos procesos selectivos derivados da execución das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2021, 2021, 2022 (1ª fase)), pero non pola causa de recusación



**CONCELLO
DE VIGO**



**Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

alegada, sen non pola estimación da causa de abstención por parentesco alegada polo Sr. Domínguez López.

- Os membros do órgano de selección ten dereito ao desenvolvemento do cargo ao ser funcionarios no que a imparcialidade a de presumirse salvo causa probada e non meramente alegada. O Tribunal Constitucional deixou claro que para que unha autoridade ou funcionario poida ser apartado do coñecemento dun asunto concreto "... es siempre preciso que existan sospechas objetivamente justificadas, es decir, exteorizadas y apoyadas en datos objetivos, que permitan fundadamente afirmar que la autoridad u órgano no es ajeno a la causa o que permitan temer por cualquier relación con el caso concreto, que no utilizará como criterio de juicio el previsto por la ley, sino otras consideraciones ajenas al ordenamiento jurídico" (STC 162/99)*
- No presente caso o Sr. Álvarez Moreira recusa ao Sr. Vivero por enemistade manifesta por ter sido testemuña nun xuízo sin aportar referencia nin documentación algunha. O Sr. Vivero, polos motivos expresados no seu escrito nega a mesma. Non aportando o sr. Álvarez ningún dato obxectivo do que se permita deducir que o desenvolvemento do sr. Vivero do seu cargo poda afectar a súa imparcialidade, procede en atención a xurisprudencia referida desestimar a causa de recusación alegada.*
- En canto as causas de abstención alegadas referidas no punto anterior de este informe, tanto de amizade como de parentesco, procede a estimación das mesmas.*
- En atención a dificultade de conformar o órgano de selección pola multitude de escritos presentados polos bombeiros e condutores bombeiros designados, alegando causas de abstención por parentesco e/ou amizade íntima, propónse para substituír aos mesmos persoas alleas ao servizo de extinción de incendios.*
- Consultada a información e documentos dispoñibles na Área de Recursos Humanos e Formación, e salvo erro, falsidade ou omisión, poderían substituír as persoas que manifestaron estar incursas en causa de abstención/recusación, xa que cumpren os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia no que se refire á titulación esixida, especialidade técnica, profesionalidade, pertenza ao mesmo ou superior subgrupo de titulación que a praza ou categoría profesional ofertada os membros seguintes:*

BOMBEIRO:

Vogalía primeira: Titular: Manuel Monroy Castro, enxeñeiro técnico da área de Seguridade e Mobilidade.

CONDUTOR-BOMBEIRO

Vogalía segunda:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/02/2025 12:00	Páxina 3 de 5
45741-220	CSV: ACA8ED-A7B153-C9B5B3-SBZ6L3-RPQLPG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLO
DE VIGO



Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal

Área de RRHH e
Formación

*Titular: Arturo Lorenzo Garcia, enxeñeiro técnico da área de Seguridade e Mobilidade.
Suplente: Susana Rivadulla López, arquitecto do servizo de desenvolvemento urbanístico na Xerencia de Urbanismo.*

Vogalía terceira: *Suplente: José Nestor Padrón Cibeira, enxeñeiro técnico da Xerencia Municipal de Urbanismo.*

Á vista do exposto, e coa conformidade das Concellerías da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, e Concellería-delegada da Área de Educación e de Recursos Humanos e Formación (delegacións competenciais efectuadas en data 28/06/2024), así como a habilitación á Sra. concelleira-delegada competente en materia de persoal acordado pola Xunta de Goberno Local de 27/12/2024 propónse a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Substituír, en base aos fundamentos de este informe, aos membros do órgano de selección nomeados por resolución da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 17/02/2025 polos seguintes:

BOMBEIRO:

Vogalía primeira: Titular: Manuel Monroy Castro, enxeñeiro técnico da área de Seguridade e Mobilidade.

CONDUTOR-BOMBEIRO

Vogalía segunda:

Titular: Arturo Lorenzo Garcia, enxeñeiro técnico da área de Seguridade e Mobilidade.

Suplente: Susana Rivadulla López, arquitecto do servizo de desenvolvemento urbanístico na Xerencia de Urbanismo.

Vogalía terceira: Suplente: José Nestor Padrón Cibeira, enxeñeiro técnico da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Segundo.- Dispoñer que pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda ás notificacións aos interesados, aos membros do órgano de selección designados, así como á publicación da modificación dos órganos de selección acordada no apartado primeiro do presente acordo na páxina web municipal (www.vigo.org).

Terceiro.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o día seguinte á publicación do mesmo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do



**CONCELLO
DE VIGO**



**Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Vigo, data segundo sinatura electrónica

A técnica de administración xeral.- Beatriz Domínguez Pereira

CONFORME.-

A xefa da Área de RRHH e Formación.- María Dapena Gómez
A Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024)-. María Olga Alonso Suárez

A Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal(resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024).- Patricia Rodríguez Calviño

DOU FE,

A Secretaria de Goberno Local.- Susana Gallardo Fariña

